

Club de Iniciativas Deportivas Universitarias

Centro Universitario de Riaza (CUR) - Amirante Lángara, s.n. - 15011 A Coruña

CIF. G-15479215 * N° Rexistro Deportes: 4407 * N° Rexistro REMAC: 420

www.xadrezuniversitario.org - cidu@xadrezuniversitario.org

TORNEO DE OUTONO CIRCUITO PROMOCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Este ano facemos unha modificación na liña dos Torneos de Outono que se van celebrar na primeira fin de semana de novembro e que teremos como principal novidade que o torneo estará dentro do **XVI Circuito Promoción da Federación Galega de Xadrez**, no tocante as categorías sub8, sub10, sub12 e sub14, como xa fixéramos no Torneo Aniversario que abriu o dito circuito.

O primeiro Torneo de Outono naceu en 1992 coas Ligas de Outono que derivaron na actual Copa Galicia, dende hai retomamos tamén unha proba por equipos e o popular "Campionato do Mundo de Pasapezas". Para a actividade imos contar co apoio da nosa entidade matriz; a asociación de estudantes da UDC, **INCUDE**, e tamén do **Centro Comercial Los Rosales** que nos deixará empregar as súas instalacións. Contaremos tamén coa axuda anual do **Concello da Coruña**. A todos eles expresarlles o noso maior agradecemento.

BASES DO TORNEO DE OUTONO - CIRCUITO GALEGO DE PROMOCION.

DATA:

Sábado 4 de novembro de 2023.

LOCAL DE XOGO:

Centro Comercial Los Rosales - 1º Planta.

Rda. de Outeiro, 419 - 15011 A Coruña.

HORARIO:

Presentación: 11,00 - 11,20

1º Rolda: 11,30

2º Rolda: 12,30

3º Rolda: 13,30

4º Rolda: 17,00

5º Rolda: 18,00

6º Rolda: 19,00

Entrega de trofeos estimada: 20,00 a 20,30.

SISTEMA DE XOGO E RITMO:

Xogarase por sistema suízo a seis roldas.

O ritmo será de 15' + 3''

O emparellamento realizarase polo sistema VEGA.

Os xogadores poden solicitar non ser emparellados sempre que o fagan ao inicio da rolda anterior.

ARBITRAXE E DIRECCION DO TORNEO:

O director e árbitro do torneo será o presidente do CIDU, Daniel Codesido.


Aplicarase o regulamento de partidas disputadas sen a supervisión axeitada.

Serán necesarias tres xogadas ilegais para a perda da partida.

Non se dará tempo extra polas xogadas ilegais.



Actividade realizada co apoio do Concello da Coruña.



Club de Iniciativas Deportivas Universitarias

Centro Universitario de Riaza (CUR) - Amirante Lángara, s.n. - 15011 A Coruña
CIF. G-15479215 * N° Rexistro Deportes: 4407 * N° Rexistro REMAC: 420
www.xadrezuniversitario.org - cidu@xadrezuniversitario.org

DESEMPATES:

Os sistemas de desempate serán sorteados tras a derradeira rolda.

XOGADORES E CATEGORIAS:

Poderá participar calquera xadrecista sub14 que teña licencia federativa en vigor.

Os participantes do torneo xogarán nas seguintes categorías dacordo a súa idade:

Sub8 ou Prebenxamin. Nados en 2015 ou seguintes.

Sub10 ou Benxamin. Nados en 2013 e 2014.

Sub12 ou Alevín. Nados en 2011 e 2012.

Sub14 ou Infantil. Nados en 2009 e 2010.

As ditas categorías contarán para o **Circuito Promoción da Federación Galega de Xadrez.**

PREMIOS

En cada categoría: Trofeo para os cinco primeiros. Medalla para o resto de participantes.

Adaptándonos á norma do **Circuíto Promoción**, en vez de ter un agasallo a maiores para todos realizaremos un sorteo entre os participantes.

Para a recepción dos premios será obrigatorio a asistencia ao acto de clausura e entrega de premios.

COTAS E INSCRICIONS

A participación no torneo é gratuíta.

Agadecemos a doazón por parte dos xogadores dun quilo de arroz ou pasta para as accións sociais.

O máximo de participantes por categoría será de 50.

O máximo de participación establécese en 120. Estamos traballando na ampliación deste número, que se avisaría en próximas datas

A data tope para anotarse será o xoves 2 de novembro.

A inscrición realizarase mediante o seguinte formulario electrónico:

[PREME](#)

CONSIDERACIONS FINAIS

Advertencia 1: Nesta mesma web aparecerán publicados torneos distintos, como o torneo amigable absoluto para a mesma data, pensado en parte para os acompañantes que desexen estar entretidos.

Advertencia 2: Os participantes nas probas autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (resultados, clasificacións, participantes... etc.) así como a súa presenza nas fotos realizadas cos mesmos propósitos.

Advertencia 3: Para o mellor funcionamento do Torneo os organizadores poden modificar e ampliar as bases do mesmo antes da celebración da proba.

A participación leva aparellada a aceptación destas normas.



Actividade realizada co apoio do Concello da Coruña.